

IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 25 DECEMBRO 2022

Xesús vén entretecer os nosos corazóns, celebrémolo

1. VER: Chega o Nadal.

-Dialogamos **sobre o que facemos en Nadal** na casa, na parroquia, que recibimos, como participamos, que nos fai máis ilusión.

-**Lembro aquel conto chamado “o soño de María”** no que María conta a Xosé o soño que acaba de ter: a xente preparaba agasallos de Nadal pero non eran para Xesús, poñían unha gran mesa pero nin Xesús, nin Xosé nin ela estaban convidados; facían os preparativos dos aniversarios de Xesús pero non dicían o seu nome nin o coñecían... E conclúe María: que tristeza para Xesús non ser desexado na súa propia festa de aniversario.

*Que celebramos noa Nadal?
E Xesús, é querido, desexado, nomeado?*

2. XULGAR: Xesús vén entretecer os nosos corazóns

-No evanxeo deste domingo fálasenos do significado do nacemento de Xesús entre nós. Dicar que Deus se fixo Palabra, **“a Palabra era a luz verdadeira”...**, **“e a Palabra fíxose carne e acampou entre os homes”**.

QUE É O NADAL?

- **Nadal é presenza de Deus. “habitou entre nós”:** Deus pon a súa tenda entre nós, faise neno, amigo, compañeiro, proximidade. É misterio de amor e entrega. Xesús está na súa casa que é o mundo e a nosa vida.

** Non o imaxines afastado, sínteo preto, comparte a túa vida con El.*

- **Nadal é agasallo de Deus:** tráenos a Paz (é o Príncipe da paz, Isaías), a Luz (“Era a luz verdadeira”), a Vida plena (“nel está a vida”).

** Acólleo, adórao, escoita a súa Palabra, déixate iluminar por El, énchete del.*

- **Nadal é Deus que vén entretecer os nosos corazóns:** Xesús quere curarnos, salvarnos, enchernos da súa vida nova... Vén crear fraternidade.

** No o imaxines afastado, sínteo ao teu carón, comparte a túa vida con el.*

** Vive a sinodalidade, o camiñar xunto a outros, o ser Igrexa.*

**Que é o Nadal cristián?
Como vivilo?**

3. ACTUAR: Celebra que Xesús vén

- Abre os evanxeos e le o nacemento de Xesús e reza con el ante o belén (Lc. 2,1-14).

- Poñemos unha tenda ou unha mochila, un foco, unha biblia e un Neno Xesús cun cartel: “Deus acampa entre nós”.

- Facemos un belén vivente e cantamos panxoliñas.

- Colocamos o neno Xesús no cartel de Fano que traballamos en Advento.

Que ides facer?

LECTURAS

ISAÍAS 52, 7-10: *Os confíns da terra verán a salvación do noso Deus.*

Que fermosos son sobre os montes os pés do mensaxeiro que proclama a paz, que anuncia a boa noticia, que pregoa a xustiza, que di a Sión: «O teu Deus reina!».

Escoita: os teus vixías gritan, cantan a un tempo, porque ven cara a cara ao Señor, que volve a Sión. Rompede a cantar a un tempo, ruínas de Xerusalén, porque o Señor consolou ao seu pobo, rescatou a Xerusalén.

Descubriu o Señor o seu santo brazo aos ollos de todas as nacións, e verán os confíns da terra a salvación do noso Deus. *Palabra do Señor.*

- **SAL. 97:**

Os confíns da terra contemplaron a salvación do noso Deus.

- **HEBREOS 1, 1-6: *Deus falounos polo Fillo.***

- **XOÁN 1, 1-5. 9-14 (Breve): O Verbo fíxose carne e habitou entre nós.**

Narrador: No principio existía o Verbo, e o Verbo estaba xunto a Deus, e o Verbo era Deus. El estaba no principio xunto a Deus. Por medio del fíxose todo, e sen el non se fixo nada de canto se fixo. Nel estaba a vida, e a vida era a luz dos homes. E a luz brilla na tebra, e a tebra non o recibiu.

O Verbo era a luz verdadeira, que aluma a todo home, vindo ao mundo. No mundo estaba; o mundo fíxose por medio del, e o mundo non o coñeceu.

Veu á súa casa, e os seus non o recibiron. Pero a cuantos recibírono, deulles poder de ser fillos de Deus, aos que cren no seu nome. Estes non naceron de sangue, nin de desexo de carne, nin de desexo de home, senón que naceron de Deus.

E o Verbo fíxose carne e habitou entre nós, e contemplamos a súa gloria: gloria como do Unixénito do Pai, cheo de graza e de verdade.

Palabra do Señor.

(Narrador).